Divisor	12×2	12×3	$12 : 2$	$12 : 3$
Cociente				
Resto				

10. Le e resolve.

Nun almacén teñen que repartir 1.700 kg de pintura en 15 botes con 5 quilos de pintura cada un; 25 botes con 3 quilos cada un e o resto en botes de 25 quilos. Cantos botes de 25 quilos teñen que preparar?



Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. Se o resto dunha división é igual a 0, a división é:

- a. enteira.
- b. exacta.
- c. xusta.

2. Das seguintes a división exacta é:

- a. $810 : 6$.
- b. $897 : 7$.
- c. $895 : 2$

3. Na división $2.358 : 56$, cantas cifras do dividendo colles para comezar a dividir?

- a. 1.
- b. 2.
- c. 3.

4. Canto é $2.080 : 32$?

- a. 65.
- b. 72.
- c. 85.

5. Que número falta na multiplicación $\square \times 15 = 345$?

- a. 23.
- b. 24.
- c. 25.

6. Se se divide o dividendo e o divisor por 4:

- a. o cociente queda multiplicado por 4.
- b. o cociente non varía.
- c. o resto non varía.

7. Se nunha división o dividendo é 630 e o divisor é 105, cal é o cociente?

- a. 6.
- b. 10.
- c. 16.

8. Ao dividir $3.648 : 192$ o resultado é o mesmo que ao dividir:

- a. $1.216 : 64$.
- b. $3.648 : 576$.
- c. $1.216 : 576$.

9. Mario pagou 832 € por pór as catro rodas do seu coche e por cambiar as buxías. As buxías custáronlle 84 €, canto lle custou cada roda?

- a. 208 €.
- b. 187 €.
- c. 229 €.

10. $12.000 : 120$ é igual a:

- a. $12 : 12$.
- b. $1.200 : 12$.
- c. $120 : 120$.

Unidade 3

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Realizar divisións que teñen como divisor un número de 2 ou 3 cifras e comprobar que están ben feitas.	C		T	C T	C T		C T			
• Identificar os termos dunha división.	C									
• Diferenciar entre división exacta e división enteira.	C T	C T								
• Recoñecer como varían o cociente e o resto dunha división ao multiplicar ou dividir o dividendo e o divisor polo mesmo número.						T		C T	C	
• Calcular divisións exactas suprimindo o mesmo número de ceros no dividendo e no divisor.										T
• Resolver problemas que impliquen o cálculo de divisións e outras operacións.			C			C			T	C

C: Control; T: Proba tipo test.

Solución

Control

- 8.653 : 72 ► dividendo: 8.653; divisor: 72; cociente: 120; resto: 13.
4.708 : 36 ► dividendo: 4.708; divisor: 36; cociente: 130; resto: 28.
3.234 : 22 ► dividendo: 3.234; divisor: 22; cociente: 147.
- Unha división exacta é a que ten un resto igual a cero; e unha división enteira é a que ten un resto distinto de cero. A división exacta é 3.234 : 22.
- 1.764 : 12 = 147. Ten 147 ducias.
- 53.687 : 326 ► cociente: 164; resto: 223; $326 \times 164 + 223 = 53.687$.
24.873 : 234 ► cociente: 106; resto: 69; $234 \times 106 + 69 = 24.873$.
43.725 : 423 ► cociente: 103; resto: 156; $423 \times 103 + 156 = 43.725$.

$$\begin{array}{r}
 65539 \overline{)547} \\
 1083 \\
 \underline{5369} \\
 446
 \end{array}$$

- $124 \times 12 = 1.488$; $1.488 : 496 = 3$. O quilo de kiwis custa 3 €.
- $7.981 : 23 = 347$. $3.432 : 132 = 26$.
- Se o dividendo e o divisor dunha división se dividen polo mesmo número, o cociente non varía, pero o resto queda dividido por ese número.

9.	Dividendo	342 × 2	342 × 3	342 : 2	342 : 3
	Divisor	12 × 2	12 × 3	12 : 2	12 : 3
	Cociente	28	28	28	28
	Resto	$6 \times 2 = 12$	$6 \times 3 = 18$	$6 : 2 = 3$	$6 : 3 = 2$


- $15 \times 5 = 75$; $25 \times 3 = 75$; $1.700 - (75 + 75) = 1.550$;
 $1.550 : 25 = 62$. Teñen que preparar 62 botes de 25 quilos de pintura.

Test

- b.
- a.
- c.
- a.
- a.
- b.
- a.
- a.
- b.
- b.

Nome _____ Data _____

1. Representa a fracción que se indica.



2. Escribe con cifras.


- Once vinte e cincoavos ► _____
- Corenta cincuenta e dousavos ► _____
- Cinco doceavos ► _____
- Sete novenos ► _____

3. Calcula.

- $\frac{2}{12}$ de 36 ► _____
- $\frac{3}{11}$ de 77 ► _____
- $\frac{9}{14}$ de 84 ► _____
- $\frac{4}{26}$ de 208 ► _____

4. Le e resolve.

Pedro ten 3.240 animais na súa granxa. Tres quintos son galiñas e un sexto son ovellas. Cantas galiñas ten Pedro? E cantas ovellas?



5. Fai un debuxo e escribe a fracción que lle corresponda a cada persoa.

Reparte en partes iguais 2 biscoitos entre 6 persoas

Reparte en partes iguais 4 tortas entre 8 persoas


A cada un correspóndelle _____ de biscoito.

A cada un correspóndelle _____ de torta.

6. Escribe a fracción coloreada en cada caso e compáraa coa unidade.



— ○ 1



— ○ 1



— ○ 1

7. Compara e escribe o signo adecuado en cada caso.

$$\frac{5}{6} \bigcirc \frac{4}{6}$$

$$\frac{4}{8} \bigcirc 1$$

$$\frac{11}{15} \bigcirc \frac{11}{12}$$

$$\frac{2}{23} \bigcirc \frac{2}{23}$$

$$\frac{25}{21} \bigcirc 1$$


$$\frac{36}{19} \bigcirc \frac{63}{19}$$

$$\frac{18}{24} \bigcirc \frac{12}{24}$$

$$\frac{28}{42} \bigcirc 1$$

8. Le e resolve.

Lurdes fixo unha torta de chocolate e outra de mazá. A de chocolate partiuna en 6 partes iguais; e a de mazá, en 8 partes iguais. Ela comeu dúas partes de cada torta. Que fracción de torta de cada clase comeu? De que torta comeu máis?



9. Ordena.

De menor a maior

$$\frac{4}{12} \quad \frac{15}{12} \quad \frac{8}{12} \quad \frac{3}{12} \quad \frac{10}{12}$$

— ○ — ○ — ○ — ○ —


De maior a menor

$$\frac{11}{8} \quad \frac{11}{4} \quad \frac{11}{16} \quad \frac{11}{7} \quad \frac{11}{9}$$

— ○ — ○ — ○ — ○ —

10. Le e resolve.

No colexio de Laura hai 602 alumnos. Catro sétimos dos alumnos estudan inglés e o resto, francés. Cantos alumnos estudan francés?



Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. Os termos dunha fracción son:

- a. o numerador e o divisor.
- b. o numerador e o denominador.
- c. o numerador e o cociente.

2. A expresión $\frac{4}{8}$ de 12 é igual a:

- a. 26.
- b. 48.
- c. 6.

3. Entre todos os irmáns repartíronse en partes iguais 2 empanadas.

Se a cada un lle corresponderon $\frac{2}{5}$, cantos irmáns son?

- a. 5.
- b. 10.
- c. 2.

4. A fracción $\frac{7}{8}$ é maior ca:

- a. $\frac{3}{8}$.
- b. $\frac{7}{9}$.
- c. $\frac{7}{6}$.

5. Unha fracción é menor ca a unidade:

- a. se o numerador e o denominador son iguais.
- b. se o numerador é menor ca o denominador.
- c. se o numerador é maior ca o denominador.

6. Once dezoitavos escíbese:

- a. $\frac{18}{11}$.
- b. $\frac{18}{18}$.
- c. $\frac{11}{18}$.

7. O numerador dunha fracción indica:

- a. o número de partes iguais que se toman da unidade.
- b. o número de partes iguais en que se divide a unidade.
- c. o número de partes iguais en que se divide o numerador.

8. Nunha floraría quedan 75 rosas, das que $\frac{3}{5}$ son vermellas. Cantas rosas vermellas quedan?

- a. 75.
- b. 35.
- c. 45.

9. Se repartes en partes iguais 3 roscas entre 6 amigos, que parte lle corresponde a cada un?

- a. $\frac{3}{6}$.
- b. $\frac{6}{3}$.
- c. $\frac{36}{6}$.

10. Das seguintes, a fracción maior ca a unidade é:

- a. $\frac{11}{8}$.
- b. $\frac{8}{11}$.
- c. $\frac{11}{11}$.

Unidade 4

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Coñecer o significado dos termos dunha fracción.	T						T			
• Ler, escribir e representar fraccións.	C	C				T				
• Calcular a fracción dun número.		T	C					T		
• Realizar reparticións con fraccións.			T		C				T	
• Comparar fraccións entre si e coa unidade.				T	T	C	C		C	T
• Resolver problemas con fraccións.				C				C T		C

C: Control; T: Proba tipo test.

Solucións

Control

- R. G.
- $\frac{11}{25}$; $\frac{40}{52}$; $\frac{5}{12}$; $\frac{7}{9}$.
- $36 \times 2 = 72$; $72 : 12 = 6$.
 $77 \times 3 = 231$; $231 : 11 = 21$.
 $84 \times 9 = 756$; $756 : 14 = 54$.
 $208 \times 4 = 832$; $832 : 26 = 32$.
- $3.240 \times 3 = 9.735$; $9.720 : 5 = 1.944$.
 $3.240 \times 1 = 3.240$; $3.240 : 6 = 540$.
Ten 1.944 galiñas e 540 ovellas.
- R. G. $\frac{2}{6}$; $\frac{4}{8}$.
- $\frac{3}{8} < 1$; $\frac{10}{6} > 1$; $\frac{5}{5} = 1$.
- $\frac{5}{6} > \frac{4}{6}$; $\frac{4}{8} < 1$; $\frac{11}{15} < \frac{11}{12}$; $\frac{2}{23} = \frac{2}{23}$.
 $\frac{25}{21} > 1$; $\frac{36}{19} < \frac{63}{19}$; $\frac{18}{24} > \frac{12}{24}$; $\frac{28}{42} < 1$.
- Lurdes comeu $\frac{2}{6}$ da torta de chocolate e $\frac{2}{8}$ da torta de manzá.
 $\frac{2}{6} > \frac{2}{8}$. Comeu máis torta de chocolate.
- $\frac{3}{12} < \frac{4}{12} < \frac{8}{12} < \frac{10}{12} < \frac{15}{12}$.
 $\frac{11}{4} > \frac{11}{7} > \frac{11}{8} > \frac{11}{9} > \frac{11}{16}$.
- $602 \times 4 = 2.408$; $2.408 : 7 = 344$.
 $602 - 344 = 258$.
Estudan inglés 344 alumnos, e francés, 258 alumnos.

Test

- b.
- c.
- a.
- b.
- b.
- c.
- a.
- c.
- a.
- a.

**Control
5**

Suma e resta de fraccións

Nome _____ Data _____

1. Calcula.

$$\frac{2}{6} + \frac{5}{6} = \text{---}$$

$$\frac{11}{13} + \frac{12}{13} = \text{---}$$

$$\frac{1}{18} + \frac{10}{18} = \text{---}$$


$$\frac{3}{9} + \frac{6}{9} + \frac{5}{9} = \text{---}$$

$$\frac{8}{15} + \frac{12}{15} + \frac{11}{15} = \text{---}$$

$$\frac{14}{22} + \frac{7}{22} + \frac{3}{22} = \text{---}$$

2. Le e resolve.

Ismael e Salma comeron ao mediodía tres sextos de torta e pola noite dous sextos de torta. Que fracción de torta comeron en total?



3. Calcula.

$$\frac{16}{27} - \frac{9}{27} = \text{---}$$

$$\frac{8}{11} - \frac{4}{11} = \text{---}$$

$$\frac{7}{10} - \frac{5}{10} = \text{---}$$


$$\frac{19}{35} - \frac{16}{35} = \text{---}$$

$$\frac{32}{42} - \frac{21}{42} = \text{---}$$

$$\frac{40}{50} - \frac{25}{50} = \text{---}$$

4. Le e resolve.

Uxía comprou tres cuartos de quilo de salchichas e Xoaquín comprou un cuarto de quilo menos ca Uxía. Que cantidade de salchichas comprou Xoaquín?



5. En cada caso, arrodea a fracción equivalente á dada.

$$\frac{2}{3}$$

$$\frac{10}{18}$$

$$\frac{14}{24}$$

$$\frac{6}{9}$$

$$\frac{3}{4}$$


$$\frac{6}{8}$$

$$\frac{9}{16}$$

$$\frac{9}{9}$$

6. Le e resolve.

Hugo, Paulo e Diego foron ao mercado. Hugo compra tres cuartos de quilo de peras. Paulo compra un cuarto de amorodos e tres cuartos de uvas, e Diego compra un cuarto de cereixas. Cantos quilos de froita compraron entre os tres?



7. Calcula o número natural equivalente a cada fracción.

• $\frac{16}{4} =$ _____


• $\frac{63}{7} =$ _____

• $\frac{84}{12} =$ _____

• $\frac{75}{15} =$ _____

8. Le e resolve.

Brais ten un paquete que pesa un cuarto de quilo e Lucía ten un paquete que pesa tres oitavos de quilo. Pesan os dous paquetes o mesmo?



9. Completa os termos que faltan.

$\frac{7}{9} - \frac{3}{9} = \frac{\square}{9}$

$\frac{12}{17} + \frac{\square}{17} = \frac{27}{17}$

$\frac{15}{24} - \frac{\square}{24} = \frac{11}{24}$


$\frac{\square}{36} + \frac{12}{36} = \frac{25}{36}$

$\frac{\square}{25} - \frac{8}{25} = \frac{2}{25}$

$\frac{19}{30} + \frac{18}{30} = \frac{\square}{30}$

10. Le e resolve.

Sofía percorreu onte dúas sétimas partes do *Carreiro dos Ameneiros* e hoxe percorreu catro sétimas partes. Cantas partes do carreiro percorreu en total? Que parte do carreiro lle queda aínda por percorrer?



Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. Para sumar dúas ou máis fraccións de igual denominador:

- a. súmanse o numerador e o denominador.
- b. súmanse os numeradores e déixase o mesmo denominador.
- c. súmanse os denominadores e déixase o mesmo numerador.

2. Corenta e cinco quintos é equivalente a:

- a. 9.
- b. 5.
- c. 45.

3. Dúas ou máis fraccións son equivalentes:

- a. cando se suman e o resultado é 1.
- b. cando equivalen a un número natural.
- c. cando representan a mesma parte da unidade.

4. Cinco décimos máis oito décimos máis dous décimos é igual a:

- a. $\frac{15}{10}$.
- b. $\frac{10}{15}$.
- c. $\frac{25}{10}$.

5. Nunha botella había sete oitavos de litro de leite. Alma bebeu catro oitavos. Que fracción de litro de leite quedou na botella?

- a. $\frac{11}{8}$.
- b. $\frac{8}{15}$.
- c. $\frac{3}{8}$.

6. A fracción equivalente a cinco sétimos é:

- a. $\frac{10}{21}$.
- b. $\frac{10}{14}$.
- c. $\frac{15}{28}$.

7. Para restar dúas fraccións de igual denominador:

- a. réstanse os denominadores.
- b. réstanse os numeradores e déixase o mesmo denominador.
- c. réstanse os numeradores e os denominadores.

8. Laura coloreou primeiro dous novenos dun debuxo, logo tres novenos e, finalmente, un noveno. Que fracción de mural coloreou en total?

- a. $\frac{9}{6}$.
- b. $\frac{6}{9}$.
- c. $\frac{9}{9}$.

9. A resta $\frac{21}{15} - \frac{6}{15}$ é igual a:

- a. $\frac{15}{15}$.
- b. $\frac{27}{15}$.
- c. $\frac{16}{15}$.

10. Das seguintes, a fracción equivalente a un número natural é:

- a. $\frac{25}{4}$.
- b. $\frac{36}{6}$.
- c. $\frac{44}{21}$.

Unidade 5

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Calcular sumas de fraccións de igual denominador.	C T			T				T	C	
• Realizar restas de fraccións de igual denominador.			C		T		T		C T	
• Calcular o número natural equivalente a unha fracción.		T					C			T
• Recoñecer se dúas fraccións son equivalentes e obter fraccións equivalentes a unha fracción.			T		C	T				
• Resolver problemas con fraccións.		C		C		C		C T		C

C: Control; T: Proba tipo test.

Solucións

Control

- $\frac{7}{6}$; $\frac{23}{13}$; $\frac{11}{18}$;
 $\frac{14}{9}$; $\frac{31}{15}$; $\frac{24}{22}$.
- $\frac{3}{6} + \frac{2}{6} = \frac{5}{6}$. Comeron $\frac{5}{6}$ de torta.
- $\frac{7}{27}$; $\frac{4}{11}$; $\frac{2}{10}$;
 $\frac{3}{35}$; $\frac{11}{42}$; $\frac{15}{50}$.
- $\frac{3}{4} - \frac{1}{4} = \frac{2}{4}$. Comprou $\frac{2}{4}$ de salchichas (medio quilo).
- $\frac{6}{9}$; $\frac{6}{8}$.
- $\frac{3}{4} + \frac{1}{4} + \frac{3}{4} + \frac{1}{4} = \frac{8}{4}$. Compraron $\frac{8}{4}$ quilos de froita.
- 4; 9;
7; 5.
- Non pesan o mesmo, xa que $\frac{1}{4}$ e $\frac{3}{8}$ non son fraccións equivalentes.
- 4; 15; 4;
13; 10; 37.
- $\frac{2}{7} + \frac{4}{7} = \frac{6}{7}$. Percorreu $\frac{6}{7}$ partes do carreiro.
 $\frac{7}{7} - \frac{6}{7} = \frac{1}{7}$. Quédalle por percorrer $\frac{1}{7}$ do carreiro.

Test

- b.
- a.
- c.
- a.
- c.
- b.
- b.
- b.
- a.
- b.

**Control
6**

Números decimais

Nome _____ Data _____

1. Escribe en forma de fracción e en forma decimal.

- 3 décimas ► _____
- 20 centésimas ► _____
- 112 milésimas ► _____
- 7 décimas ► _____
- 98 centésimas ► _____
- 327 milésimas ► _____

2. Completa a táboa.

Unidades decimais	7 centésimas		
Forma de fracción		$\frac{21}{100}$	$\frac{54}{1.000}$
Forma decimal			0,9

3. Expresa na unidade indicada.

- | | |
|----------------------|--|
| En décimas | <ul style="list-style-type: none"> • 1 unidade e 6 décimas ► _____ • 8 unidades e 9 décimas ► _____ |
| En centésimas | <ul style="list-style-type: none"> • 4 unidades e 38 centésimas ► _____ • 6 unidades e 72 centésimas ► _____ |
| En milésimas | <ul style="list-style-type: none"> • 5 unidades e 115 milésimas ► _____ • 7 unidades e 487 milésimas ► _____ |

4. Escribe cada fracción en forma decimal.

- $\frac{3}{10} =$ _____
- $\frac{21}{100} =$ _____
- $\frac{67}{1.000} =$ _____
- $\frac{90}{10} =$ _____
- $\frac{43}{100} =$ _____
- $\frac{172}{1.000} =$ _____

5. Descompón.

	Parte enteira			Parte decimal		
	C	D	U	d	c	m
9,537 ►						
34,016 ►						
78,143 ►						
429,003 ►						
564,108 ►						

6. Escribe que valor ten a cifra 7 en cada número.

- 3,67 ► _____
- 17,53 ► _____
- 709,58 ► _____
- 4,71 ► _____
- 70,24 ► _____
- 29,607 ► _____

7. Escribe como se le cada número.

- 4,8 ► _____
- 35,42 ► _____
- 79,086 ► _____
- 230,6 ► _____
- 583,208 ► _____



8. Ordena.

De menor a maior

6,53 65,3
 5,63
0,653 6,35

De maior a menor

22,254 22,244
 22,207
22,245 2,225



9. Escribe > ou < segundo corresponda.

- 4,7 ○ 5,2 • 6,729 ○ 7,405 • 8,732 ○ 8,79 • 10,258 ○ 10,253
- 4,38 ○ 4,39 • 8,25 ○ 8,205 • 3,6 ○ 3,047 • 5,039 ○ 5,03

10. Escribe os seguintes números decimais.

- 3 unidades e 6 décimas ► _____
- 24 unidades e 25 centésimas ► _____
- 5 unidades e 65 centésimas ► _____
- 23 coma 963 ► _____
- 768 milésimas ► _____
- 34 unidades e 934 milésimas ► _____

Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. Se dividimos 1 unidade en 100 partes iguais, cada parte é:
 - a. unha décima.
 - b. unha centésima.
 - c. unha milésima.

2. Un número decimal ten dúas partes:
 - a. a parte decimal e a parte centesimal.
 - b. a parte enteira e a parte decimal.
 - c. a parte exacta e a parte decimal.

3. O número 34,256 é maior ca:
 - a. 342,56.
 - b. 34,276.
 - c. 34,216.

4. Cen centésimas é igual a:
 - a. unha décima.
 - b. unha milésima.
 - c. unha unidade.

5. No número 27,639 o valor da cifra 6 é:
 - a. 6 décimas.
 - b. 6 centésimas.
 - c. 6 milésimas.

6. A descomposición do número 12,07 é:
 - a. 1 decena + 2 unidades + 7 décimas.
 - b. 1 decena + 2 unidades + 7 centésimas.
 - c. 1 unidade + 2 décimas + 7 centésimas.

7. A fracción $\frac{7}{100}$ equivale ao número decimal:
 - a. 0,07.
 - b. 0,007.
 - c. 0,7.

8. A descomposición 5 unidades + 3 centésimas + 2 milésimas corresponde ao número:
 - a. 5,32.
 - b. 53,2.
 - c. 5,032.

9. Dos seguintes, o número que ten 17 centésimas na parte decimal é:
 - a. 19,17.
 - b. 191,7.
 - c. 19,017.

10. O número decimal 0,009 en forma de fracción é:
 - a. $\frac{9}{100}$.
 - b. $\frac{9}{10}$.
 - c. $\frac{9}{1.000}$.

Unidade 6

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Ler e escribir números decimais en forma de fracción e en forma decimal.	C	C T	C	C			C T		T	C T
• Coñecer a equivalencia entre os números decimais.	T			T						
• Descompor números decimais.					C	T		T		
• Escribir o valor da cifra dun número.					T	C				
• Comparar números decimais.			T					C	C	

C: Control; T: Proba tipo test.

Solucións

Control

- $\frac{3}{10}$ e 0,3; $\frac{20}{100}$ e 0,02; $\frac{112}{1.000}$ e 0,112;
 $\frac{7}{10}$ e 0,7; $\frac{98}{100}$ e 0,98; $\frac{327}{100}$ e 0,327.
- 7 centésimas; $\frac{7}{100}$; 0,07.
21 centésimas; $\frac{21}{100}$; 0,21.
9 décimas; $\frac{9}{10}$; 0,9.
54 milésimas; $\frac{54}{1.000}$; 0,054.
- 1,6; 8,9. 4,38; 6,72. 5,115; 7,487.
- 0,3; 0,21; 0,067. 9; 0,43; 0,172.
- 9 U + 5 d + 3 c + 7 m.
3 D + 4 U + 0 d + 1 c + 6 m.
7 D + 8 U + 1 d + 4 c + 3 m.
4 C + 2 D + 9 U + 0 d + 0 c + 3 m.
5 C + 6 D + 4 U + 1 d + 0 c + 8 m.
- 7 centésimas; 7 unidades; 7 centenas;
7 décimas; 7 decenas; 7 milésimas.
- 4 unidades e 8 décimas ou 4 coma 8.
35 unidades e 42 centésimas ou 35 coma 42.
79 unidades e 86 milésimas ou 79 coma 086.
230 unidades e 6 décimas ou 230 coma 6.
583 unidades e 208 milésimas ou 583 coma 208.
- 0,653 < 5,63 < 6,35 < 6,53 < 65,3.
22,254 > 22,245 > 22,244 > 22,225 > 22,207.
- 4,7 < 5,2; 6,729 < 7,405; 8,732 < 8,79; 10,258 > 10,253.
4,38 < 4,39; 8,25 > 8,205; 3,6 > 3,047; 5,039 > 5,03.
- 3,6; 24,25; 5,65; 23,963; 0,768; 34,934.

Test

- b.
- b.
- c.
- c.
- a.
- b.
- a.
- c.
- a.
- c.

Nome _____ Data _____

1. Expresa cada fracción en forma de número decimal.

• $\frac{67}{100} =$ _____

• $\frac{9}{1.000} =$ _____

• $\frac{15}{100} =$ _____

• $\frac{95}{10} =$ _____

• $\frac{25}{100} =$ _____

• $\frac{282}{10} =$ _____

2. Compara estas fraccións decimais. Exprésaaas primeiro como número decimal.

$\frac{19}{10}$ e $\frac{703}{100}$

▶ _____

$\frac{276}{100}$ e $\frac{1.903}{1.000}$

▶ _____

$\frac{928}{10}$ e $\frac{6.591}{1.000}$

▶ _____

3. Completa.

• $\frac{85}{10} =$

• $28,8 = \frac{\quad}{10}$

• $4,61 = \frac{\quad}{100}$

• $\frac{808}{100} =$

• $6,198 = \frac{\quad}{1.000}$

4. Expresa cada fracción en forma de porcentaxe.

• $\frac{7}{100} =$ _____

• $\frac{38}{100} =$ _____

• $\frac{15}{100} =$ _____

• $\frac{59}{100} =$ _____

• $\frac{42}{100} =$ _____

• $\frac{60}{100} =$ _____

5. Completa a táboa.

Porcentaxe	11 %				
Lectura		25 por cento			
Fracción			$\frac{94}{100}$		
Número decimal				0,36	
Significado					7 de cada 100


6. Calcula.

- 6 % de 600 ▶ _____
- 55 % de 760 ▶ _____
- 70 % de 9.240 ▶ _____
- 98 % de 2.350 ▶ _____

7. Expressa estas frases por medio dunha porcentaxe.

- De cada 100 persoas, 35 falan inglés ▶ _____
- De cada 100 alumnos, 18 usan lentes ▶ _____
- Nunha granxa, 12 de cada 100 animais son galiñas ▶ _____
- Nun garaxe, 75 de cada 100 coches son brancos ▶ _____

8. Colorea a cuadrícula segundo corresponda. Despois, contesta.



- 30 % de vermello.
- 45 % de azul.
- 15 % de verde.

- Que porcentaxe quedou sen colorear? _____

9. Calcula o prezo final de cada produto.

Rebaixa do 40 % en todos os produtos



80 €
___ €



920 €
___ €




125 €
___ €



405 €
___ €

10. Le e resolve.

Mónica comprou unha moto por 4.000 €. Pagou o 15 % de entrada e o resto pagarao en 25 mensualidades iguais. Canto ten que pagar en cada mensualidade?



Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. **As fraccións que teñen por denominador a unidade seguida de ceros son:**
 - a. fraccións enteiras.
 - b. fraccións decimais.
 - c. fraccións exactas.

2. **Unha porcentaxe:**
 - a. é un desconto.
 - b. é unha fracción que ten como denominador 100.
 - c. é un número decimal acabado en cero.

3. **Nunha tenda hai 500 iogures. O 60 % son de amorodo. Cantos iogures de amorodo hai na tenda?**
 - a. 300.
 - b. 450.
 - c. 360.

4. **Das seguintes, a fracción decimal é:**
 - a. $\frac{12}{106}$.
 - b. $\frac{348}{100}$.
 - c. $\frac{7}{15}$.

5. **No colexio, de cada 100 alumnos, 15 xogan o xadrez. Cantos alumnos xogan ao xadrez?**
 - a. o 100 % dos alumnos.
 - b. o 15 % dos alumnos.
 - c. o 85 % dos alumnos.

6. **Un aparcadoiro ten 700 prazas. O 13 % das prazas están ocupadas por motos e o 67 % por automóviles. Cantas prazas están sen ocupar?**
 - a. 140.
 - b. 91.
 - c. 469.

7. **Na carreira de obstáculos, Montse chegou á meta en 785 centésimas; Carlos en 6.785 milésimas e Álvaro en 79 décimas. Quen correu máis rápido?**
 - a. Montse.
 - b. Carlos.
 - c. Álvaro.

8. **Se o 62 % dos 150 animais que atendeu a veterinaria esta semana son cans, cantos cans atendeu en total?**
 - a. 93.
 - b. 87.
 - c. 62.

9. **Nunha enquisa feita a 2.000 persoas sobre a súa comida favorita, o 28 % escolleu macarróns, o 32 % ovos fritos e o resto pizza. Cantas persoas elixiron pizza?**
 - a. 800.
 - b. 560.
 - c. 640.

10. **O 72 % de 3.500 é:**
 - a. 3.428.
 - b. 2.520.
 - c. 3.052.

Unidade 7

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Saber o que é unha fracción decimal.	T			T						
• Expresar unha fracción decimal en forma de número decimal, e viceversa.	C		C		C		T			
• Comparar fraccións decimais.		C								
• Expresar unha fracción decimal en forma de porcentaxe.				C	C					
• Coñecer o que é unha porcentaxe e como se calcula.		T	T		T	C	C	C	C	C T
• Resolver problemas con porcentaxes.					T	T		T	C T	C

C: Control; T: Proba tipo test.

Solucións

Control

- 0,67; 0,009; 0,15;
9,5; 0,25; 0,282.
- $1,9 < 7,03$; $2,76 > 1,903$; $92,8 > 6,591$.
- 8,5; 288; 461; 0,808; 6.198.
- 7 %, 38 %; 15 %;
59 %; 42 %; 60 %.
- 11 %; 11 por cento; $\frac{11}{100}$; 0,11; 11 de cada 100.
25 %; 25 por cento; $\frac{25}{100}$; 0,25; 25 de cada 100.
94 %; 94 por cento; $\frac{94}{100}$; 0,94; 94 de cada 100.
7 %; 7 por cento; $\frac{7}{100}$; 0,07; 7 de cada 100.
- 36; 418; 6.468; 2.303.
- 35 %; 18 %; 12 %; 75 %.
- R. G. Quedou sen colorear o 10 %.
- Raqueta: 48 €; ordenador: 552 €; pluma: 75 €;
televisor: 243 €.
- 15 % de 4.000 = 600.
 $600 : 25 = 24$.
Mónica ten que pagar 24 € en cada mensuralidade.

Test

- b.
- b.
- a.
- b.
- b.
- a.
- b.
- a.
- a.
- b.

Nome _____ Data _____

1. Calcula.

$$\begin{array}{r} 56,073 \\ 97,903 \\ + 6,2 \\ \hline \end{array}$$


$$\begin{array}{r} 674,09 \\ + 176,018 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 276,7 \\ + 147,682 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 65,34 \\ 54,9 \\ + 97,903 \\ \hline \end{array}$$

2. Le e resolve.

Hoxe Iván foi de compras.
Comprou uns pantalóns que lle
custaron 27,86 € e unha camiseta
que lle custou 12,25 €.
Canto gastou en total?



3. Calcula.

$$\begin{array}{r} 92,82 \\ - 5,089 \\ \hline \end{array}$$


$$\begin{array}{r} 267,7 \\ - 147,68 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 79,8 \\ - 16,404 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 91,128 \\ - 0,503 \\ \hline \end{array}$$

4. Le e resolve.

Ramón sae de viaxe con 78,5 litros
de gasolina. No traxecto gasta
18,9 litros. Cantos litros de gasolina
lle quedan no depósito?



5. Calcula.

$$\begin{array}{r} 5,8 \\ \times 6 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 3,75 \\ \times 14 \\ \hline \end{array}$$


$$\begin{array}{r} 0,007 \\ \times 384 \\ \hline \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 192,47 \\ \times 503 \\ \hline \end{array}$$



6. Le e resolve.

Miguel comprou 6 bolsas de laranxas. Cada bolsa pesa 5,5 quilos. Cantos quilos de laranxas comprou Miguel?



7. Calcula tendo en conta a xerarquía das operacións.


- $7,8 \times 7 + 3,35 =$ _____
- $7 + 6,061 \times 12 =$ _____
- $5,6 \times 4 + 3,83 \times 5 =$ _____
- $9,07 \times 2 - 5,907 \times 3 =$ _____

8. Divide.


- $28,5 : 10 =$ _____
- $127,3 : 100 =$ _____
- $423,2 : 1.000 =$ _____
- $3,58 : 10 =$ _____
- $2,54 : 100 =$ _____
- $367,48 : 1.000 =$ _____
- $7,6 : 10 =$ _____
- $45,3 : 100 =$ _____
- $9,8 : 1.000 =$ _____

9. Le e resolve.

No colexio de Concha apuntáronse 100 alumnos para ir ver unha película. As entradas custáronlle un total de 389 €. Canto lle custou a entrada a cada un?



10. Completa as series.



Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. O resultado de $66,259 + 33,741$ é:
 - a. 100.
 - b. 10,9.
 - c. 78,9.
2. Unha caixa de amorodos pesa 2,175 kg e unha bolsa de mazás pesa 2,035 kg. Canto pesan as amorodos máis ca as mazás?
 - a. 0,14 kg.
 - b. 0,014 kg.
 - c. 14 kg.
3. O resultado de $2,56 \times 100$ é:
 - a. 25,6.
 - b. 0,256.
 - c. 256.
4. Marta comprou 5 pares de calcetíns a 2,50 € cada un. Canto gastou en total?
 - a. 10,50 €.
 - b. 1,25 €.
 - c. 12,50 €.
5. O resultado de $345 : 1.000$ é:
 - a. 0,345.
 - b. 345.000.
 - c. 3,45.
6. Lola pagou por un lote de 10 cadernos iguais 25,53 €. Canto lle custou cada caderno?
 - a. 25,53 €.
 - b. 255,30 €.
 - c. 2,553 €.
7. O resultado de $11,95 + 6,234 + 0,816$ é:
 - a. 19,02.
 - b. 19.
 - c. 20.
8. Oito unidades e dezanove centésimas menos dúas unidades e trescentas setenta e dúas milésimas é igual a:
 - a. 58,18.
 - b. 5,818.
 - c. 0,518.
9. O resultado de multiplicar $47,22 \times 15$ é igual a:
 - a. 703,8.
 - b. 78,03.
 - c. 708,3.
10. Pedro comprou 4 kg de laranxas e 6 kg de peras. Cada quilo de froita custa 1,80 €. Canto pagou en total?
 - a. 18,80 €.
 - b. 18 €.
 - c. 15,80 €.

Unidade 8

Criterios de avaliación

	Actividades										
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	
• Calcular sumas e restas con números decimais.	C T							T	T		C
• Multiplicar un número decimal por un número natural e pola unidade seguida de ceros.			C T							T	C
• Resolver divisións dun número natural e un decimal pola unidade seguida de ceros.					C T			C			C
• Calcular operacións combinadas con números decimais.							C				
• Resolver problemas de suma, resta e multiplicacións con números decimais.		C T		C T		C T				C	T

C: Control; T: Proba tipo test.

Solucións

Control

- 160,176; 850,108; 424,382; 218,143.
- $27,86 + 12,25 = 40,11$. Gastou 40,11 €.
- 87,731; 120,02; 63,396; 90,625.
- $78,5 - 18,9 = 59,6$. Quédanlle 59,6 litros.
- 34,8; 52,5; 2,688; 96.812,41.
- $5,5 \times 6 = 33$. Comprou 33 kg de laranxas.
- $7,8 \times 7 + 3,35 = 54,6 + 3,35 = 57,95$.
 $7 + 6,061 \times 12 = 7 + 72,732 = 79,732$.
 $5,6 \times 4 + 3,83 \times 5 = 22,4 + 19,15 = 41,55$
 $9,07 \times 2 - 5,907 \times 3 = 18,14 - 17,721 = 0,419$.
- 2,85; 1,273; 0,4232;
0,358; 0,0254; 0,36748;
0,76; 0,453; 0,0098.
- $389 : 100 = 3,89$. A cada alumno custoulle a entrada 3,89 €.
- 794; 79,4; 7,94; 0,794.
60,3; 1.206; 12,06; 15.
15,35; 9,7; 0,97; 1.

Test


- a.
- a.
- c.
- c.
- a.
- c.
- b.
- b.
- c.
- b.

Nome _____ Data _____


1. Contesta.

- Canto mide un ángulo plano? _____
- Como se chaman os ángulos que miden 360° ? _____

2. Mide cada ángulo cun transportador. Despois, escribe debaixo o tipo de ángulo que é.



3. Traza os ángulos que se indican.




4. Completa.

- Os ángulos _____ teñen en común o vértice e un lado.
- Os ángulos _____ son ángulos consecutivos que teñen os lados non comúns na mesma recta.

5. Explica que é a mediatriz dun segmento.

6. Traza as mediatrices dos lados deste triángulo.




7. Debuxa dous ángulos consecutivos que midan 30° e 90° .



8. Debuxa un ángulo de 120° e traza a súa bisectriz.



9. Debuxa dous ángulos consecutivos que midan 80° e 110° .



• Como son os ángulos que debuxaches? _____

10. Observa a frecha  e escribe cantos graos xirou en cada caso.

 ► Xirou _____

 ► Xirou _____

 ► Xirou _____

Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. Un ángulo completo mide:

- a. 100° . b. 180° . c. 360° .

2. Para medir un ángulo utilízase:

- a. a regra. b. o transportador. c. o metro.

3. A recta perpendicular ao segmento que pasa polo seu punto medio chámase:

- a. mediatriz. b. tanxente. c. semirecta.

4. A letra L xirou:

- a. 90° á dereita.
b. 180° á dereita.
c. 360° á dereita.



5. Todos os ángulos consecutivos:

- a. son adxacentes.
b. miden 180° .
c. teñen en común o vértice e un lado.

6. Este ángulo mide:

- a. 90° . b. 40° . c. 120° .



7. Un ángulo é plano se:

- a. mide 360° . b. mide 250° . c. mide 180° .

8. Estes ángulos son:

- a. adxacentes.
b. consecutivos.
c. planos.



9. Os catro ángulos dun rectángulo suman:

- a. 90° . b. 180° . c. 360° .

10. A liña que divida este ángulo é a súa:

- a. mediatriz.
b. bisectriz.
c. semirecta.



Unidade 9

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Saber o que é un ángulo plano e un completo.	C T						T		T	
• Medir e trazar ángulos co transportador.		C T	C			T				
• Recoñecer ángulos consecutivos e adxacentes e trazalos.				C	T		C	T	C	
• Coñecer o que é a mediatriz dun segmento e trazala.			T		C	C				
• Saber o que é a bisectriz dun ángulo e trazala.								C		T
• Realizar xiros de 90°.				T						C

C: Control; T: Proba tipo test.

Solucións

Control

- Un ángulo plano mide 180°. Chámanse ángulos completos.
- 180°, plano; 100°, obtuso; 170°, obtuso.
- R. G.
- Consecutivos; adxacentes.
- A mediatriz dun segmento é a recta perpendicular ao segmento que pasa polo seu punto medio.
- R. G.
- R. G.
- R. G.
- R. G.
Adxacentes.
- 90°; 180°; 270°.


Test


- c.
- b.
- a.
- b.
- c.
- c.
- c.
- a.
- c.
- b.

Nome _____ Data _____

1. Clasifica estes polígonos segundo o seu número de lados.








2. Observa estes polígonos e contesta.




- É o pentágono un polígono regular? Por que?



- É o octógono un polígono irregular? Por que?


3. Completa.




- O punto *A* é o _____ da circunferencia.
- O punto *B* é o _____ da circunferencia.
- O punto *C* é a _____ da circunferencia.
- O punto *D* é o _____ da circunferencia.

4. Le e resolve.

O lado de un eneágono regular mide 14 cm. Canto mide o seu perímetro?



5. Clasifica estes triángulos segundo os seus ángulos.








6. En cada caso, escribe o nome do triángulo correspondente.


- Un triángulo que ten dous lados iguais ▶ _____
- Un triángulo que ten un ángulo de 120° ▶ _____
- Un triángulo cuxos lados miden 6 cm, 8 cm e 10 cm ▶ _____
- Un triángulo que ten un ángulo de 90° ▶ _____

7. Completa o esquema.




8. Le e resolve.

O perímetro dun decágono regular é igual a 130 cm. Canto medirá o seu lado?



9. Debuxa a figura simétrica respecto ao eixe.



10. Observa estas figuras e explica se son semellantes e por que.



Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. Un octógono ten:

- a. 6 vértices. b. 8 vértices. c. 10 vértices.

2. Os polígonos que teñen os seus lados ou os seus ángulos desiguais son:

- a. regulares. b. irregulares. c. círculos.

3. A parte da circunferencia comprendida entre dous puntos denomínase:

- a. corda. b. raio. c. arco.

4. Os triángulos que teñen un ángulo obtuso denomínanse:


- a. rectángulos. b. isósceles. c. obtusángulos.

5. Os cuadriláteros clasifícanse en:

- a. rectángulos, rombos e romboides.
b. rectángulos, acutángulos e obtusángulos.
c. trapezoides, trapecios e paralelogramos.

6. O perímetro deste polígono é:

- a. 6 cm.
b. 12 cm.
c. 24 cm.



7. Un decágono ten:

- a. doce lados. b. dez ángulos. c. nove vértices.

8. Os elementos marcados nesta circunferencia son:

- a. o raio e o diámetro.
b. a corda e o arco.
c. o raio e a corda.



9. Un paralelogramo cos lados e os ángulos iguais, dous a dous, é un:

- a. trapezoide. b. romboide. c. trapecio.

10. Este triángulo é, segundo os seus lados e os seus ángulos:

- a. obtusángulo e escaleno.
b. acutángulo e equilátero.
c. acutángulo e isóscele.



Unidade 10

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Recoñecer e clasificar polígonos.	C T			C		T	T	C		
• Diferenciar polígonos regulares e irregulares.		C T								
• Distinguir os elementos dunha circunferencia.			C T					T		
• Identificar triángulos polos seus lados e polos seus ángulos.				T	C	C				T
• Coñecer a clasificación dos cuadriláteros.					T		C		T	
• Debuxar figuras simétricas.									C	
• Saber o que é a semellanza.										C

C: Control; T: Proba tipo test.

Solucións

Control

1. Octógono; eneágono; decágono.
2. Este pentágono é irregular, porque os seus lados e os seus ángulos son desiguais.
Este octógono é regular, porque os seus lados e os seus ángulos son iguais.
3. Centro; raio; corda; arco.
4. $14 \times 9 = 126$. O perímetro do eneágono é 126 cm.
5. Acutángulo, rectángulo; obtusángulo.
6. Isóscele; obtusángulo; escaleno; rectángulo.
7. Trapezoide; trapecio; paralelogramo; cadrado, rectángulo, rombo, romboide.
8. $130 : 10 = 13$. Cada lado do decágono mide 13 cm.
9. R. G.
10. Estas figuras son semellantes porque a forma das dúas figuras é igual, aínda que ambas teñen distinta medida.

Test

1. b.
2. b.
3. c.
4. c.
5. c.
6. b.
7. b.
8. c.
9. b.
10. a.

Nome _____ Data _____

1. Completa coas unidades de lonxitude correspondentes.

MÚLTIPLOS DO METRO	
Nome	Relación co metro
	10 m
km	


2. Explica que operación tes que realizar para pasar de metros a milímetros e de metros a hectómetros.

3. Expresa na unidade que se indica.

- 60 dm = _____ m
- 20 mm = _____ cm
- 23 cm = _____ m
- 341 m = _____ km
- 1.234 cm = _____ m
- 2,4 dam = _____ km
- 32 km = _____ m
- 12,45 hm = _____ m
- 4,07 m = _____ cm
- 0,3 cm = _____ mm
- 0,15 dam = _____ m
- 12 cm = _____ mm

4. Le e resolve.

Emilia vai andando desde a casa ao traballo, que está a 13 dam. Todos os días fai 4 veces ese percorrido. Cantos quilómetros percorre de luns a venres por este motivo?



5. Expresa en metros as medidas deste coche.




- O longo do coche ▶ _____
- O largo do coche ▶ _____
- A altura do coche ▶ _____

6. Completa a medida que falta en cada caso.

- 95 cm + _____ cm = 1 m
- 85 m + _____ m = 1 hm
- 3 m + _____ m = 1 dam
- 950 m + _____ m = 1 km
- 8 dm + _____ dm = 1 m
- 850 mm + _____ mm = 1 m

7. Le e resolve.

Unha formiga quere chegar ata unha folla que se encontra a 72 cm. Leva percorridos 0,448 m. Cantos centímetros lle faltan para chegar?



8. Expresa en metros e colorea.

vermello

}

a lonxitude maior

azul

}

a lonxitude menor

5 hm, 3 dam e 2 m

15 dam, 5 m e 4 dm


1 dam, 8 m e 3 dm

9. Utiliza este cadro de unidades e expresa cada medida na unidade que se indica.

	km	hm	dam	m	dm	cm	mm	
254,3 m en dam ▶								◀ _____ dam
23,6 hm en cm ▶								◀ _____ cm
78 cm en m ▶								◀ _____ m
32 m en mm ▶								◀ _____ mm

10. Le e resolve.

Marta puxo un cerrado arredor da súa parcela que ten un perímetro de 1 hm e 25 m. Canto lle custou o cerrado se ten un prezo de 30,75 € o metro?



Nome _____

Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. A unidade principal de medida de lonxitude é:

- a. o metro. b. o quilómetro. c. o centímetro.

2. Un decámetro é igual a:

- a. 10 hectómetros.
b. 100 quilómetros.
c. 10 metros.

3. Para pasar de metros a decímetros:

- a. multiplícase por 100.
b. divídese entre 100.
c. divídese entre 10.

4. Cinco metros e seis decímetros é igual a:

- a. 56 dm. b. 5,6 dm. c. 56 m.

5. Dez hectómetros é igual a:

- a. 1 dam. b. 1 km. c. 10 m.

6. Se dividimos un metro en cen partes iguais, cada parte é:

- a. 1 dm. b. 1 cm. c. 1 mm.

7. Unha piscina mide 50 m de longo. Un nadador fai 20 longos adestrando. Cantos hectómetros nada en total?

- a. 10 hm. b. 100 hm. c. 1.000 hm.

8. Un tallo mide 1,25 m de altura. Cantos centímetros mide de alto?

- a. 12,5 cm. b. 125 cm. c. 1.250 cm.

9. A lonxitude dun río é de 326 dam e 5,7 m. Cantos metros mide?

- a. 3.265,7 m. b. 326,57 m. c. 32.657 m.

10. Cantos milímetros son 1 m, 5 dm e 3 cm?

- a. 153 mm.
b. 1.530 mm.
c. 15.300 mm.

Unidade 11

Criterios de avaliación

	Actividades									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
• Saber que o metro é a principal medida de lonxitude.	T									
• Coñecer os múltiplos e submúltiplos do metro.	C	C T							C	
• Utilizar as relacións entre as unidades de lonxitude.		C T	C T	T	C T	C T	C	C	C	T
• Resolver problemas con unidades de lonxitude.				C			C T	T	T	C

C: Control; T: Proba tipo test.

Solucións

Control


- Múltiplos do metro: dam = 10 m; hm = 100 m; km = 1.000 m.
- De metros a milímetros hai que multiplicar por 1.000; de metros a hectómetros hai que dividir entre 100.
- 0,6 m; 2 cm; 0,23 m;
0,341 km; 12,34 m; 0,024 km;
32.000 m; 1.245 m; 407 cm;
3 mm; 1,5 m; 120 mm.
- $13 \times 4 = 52$.
 $52 \times 5 = 260$.
 $260 : 100 = 2,6$.
Emilia percorre 2,6 km.
- Longo: $42 : 10 = 4,2$ m.
Largo: $1.735 : 1.000 = 1,735$ m.
Altura: $129 : 100 = 1,29$ m.
- 5 cm; 50 m;
15 m; 2 dm;
7 m; 150 mm.
- $0,448 \times 100 = 44,8$.
 $72 - 44,8 = 27,2$.
Fáltalle por percorrer 27,2 cm.
- 532 m; 155,4 m; 18,3 m. Hai que colorear de vermello 532 m e de azul, 18,3 m.
- R. G.
25,43 dam; 236.000 cm; 0,78 m; 32.000 mm.
- 1 hm e 25 m = 125 m.
 $125 \times 30,75 = 3.843,75$ €.

Test

- a.
- c.
- c.
- a.
- b.
- b.
- a.
- b.
- a.
- b.

Nome _____ Data _____

1. Escribe as unidades que faltan e completa os esquemas.



2. Expressa en litros as capacidades dos seguintes depósitos.

A • 2 hl e 6 dal ► _____

B • 1 kl, 4 hl e 9 dal ► _____


C • 5 kl, 7,2 hl e 8,3 dal ► _____

3. Expressa cada medida na unidade que se indica.

- 4 kl = _____ hl
- 21 l = _____ ml
- 7.000 l = _____ hl
- 3,6 hl = _____ l
- 15 cl = _____ ml
- 9 dal = _____ kl
- 0,5 dal = _____ cl
- 2,3 dl = _____ cl
- 13,8 ml = _____ l
- 50 hl = _____ dal
- 6 dl = _____ ml
- 15 cl = _____ dl

4. Le e resolve.

Eva ten que encher un acuario de 76 l cun caldeiro de 0,2 dal. Cantos caldeiros cheos ten que botar?



5. Usa o cadro e expresa cada medida na unidade que se indica.

	kl	hl	dal	l	dl	cl	ml	
680 dl en dal ►								◀ _____ dal
1,74 kl en dl ►								◀ _____ dl
391 cl en hl ►								◀ _____ hl
43,62 dl en ml ►								◀ _____ ml

6. Expressa en gramos o peso de cada caixa.

 • 4 kg e 8 dag ► _____
 • 32 kg, 5 hg e 4 dag ► _____
 • 7,4 kg e 9,5 dag ► _____

7. Expressa en gramos estes pesos e ordénaos de menor a maior.


0,1 hg 100 cg 10 dag 1.000 dg
 _____ g _____ g _____ g _____ g
 _____ ○ _____ ○ _____ ○ _____

8. Completa.

- 6 dag = _____ g
- 7 g = _____ dg
- 3 kg = _____ g
- 1,8 dg = _____ g
- 86 dg = _____ mg
- 0,3 g = _____ mg
- 0,9 g = _____ dag
- 5,4 hg = _____ kg
- 4.607 g = _____ kg
- 49 dg = _____ hg
- 4.136 cg = _____ dag
- 2,8 hg = _____ cg

9. Le e resolve.

Unha caixa chea con 8 botes de marmelada iguais pesa 2 kg e 820 g. A caixa baleira pesa 3 hg. Canto pesa cada bote?



10. Completa a medida que falta en cada caso.

- 840 ml + _____ cl = 1 l
- 67 cg + _____ dg = 1 g
- 65 dl + _____ dal = 10 l
- 200 mg + _____ cg = 1 g
- 16 l + _____ hl = 1 kl
- 564 dag + _____ hg = 10 kl
- 250 l + _____ dal = 10 hl
- 382 mg + _____ dg = 1 dag

Nome _____ Data _____

Arrodea a opción correcta.

1. Os múltiplos do litro son:

- a. o decalitro, o hectolitro e o quilolitro.
- b. o decilitro, o centilitro e o mililitro.
- c. o decilitro, o hectolitro e o decalitro.

2. Un mililitro é igual a:

- a. 100 l.
- b. 1.000 dl.
- c. 10.000 dal.

3. Para pasar de cg a hg:

- a. multiplícase por 100.
- b. súmase 1.000.
- c. divídese entre 10.000.

4. Se un depósito contén 2,5 hl e 25 dal, cantos litros contén?

- a. 500 l.
- b. 50 l.
- c. 5.000 l.

5. Un queixo pesa 2 kg e 450 dg. Cantos gramos lle faltan para pesar 3 kg?

- a. 9,95 g.
- b. 95,5 g.
- c. 995 g.

6. Corenta e oito decagramos son:

- a. 480 hg.
- b. 48.000 mg.
- c. 0,48 kg.

7. Se unha botella contén 1,5 l de refresco, cantos vasos de 25 cl podemos encher?

- a. 15 vasos.
- b. 6 vasos.
- c. 10 vasos.

8. Cantos dag son 45,7 dg?

- a. 457 dag.
- b. 0,457 dag.
- c. 14,57 dag.

9. A capacidade dunha bañeira é de 1,65 kl. Botáronse 13.500 dl de auga. Cantos litros de auga faltan para enchela?

- a. 3.000 l.
- b. 300 l.
- c. 30 l.

